

BASES E BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN MESTRE PARA A IMPARTICIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA EXPERIMENTAL DE “RESTAURACIÓN E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS E ELEMENTOS HISTÓRICOS CULTURAIS” NA ÁREA DE FORMACIÓN, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO (FOREMDES) DESTE ILMO. CONCELLO DE PONTEDEUME.

1ª OBXECTO DA CONVOCATORIA:

A urxente cobertura temporal, suxeita a réxime laboral e a tempo completo dun Mestre para impartir a acción formativa experimental de "Restauración e Conservación de Espazos Naturais e Elementos Históricos Culturais", de 300 horas, condicionada esta contratación, a autorización definitiva por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo.

Para tódolos actos previstos no perfeccionamento do contrato, rexerán as normas referentes sobre contratación de persoal na Administración Local. Perfeccionado ó contrato, serán de aplicación as normas do dereito laboral.

2ª SISTEMA E FORMA DA CONTRATACIÓN:

Mediante Concurso-Oposición.

3ª REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Deberán reunir as seguintes:

- Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto pola Lei 17/1993, do 23 de decembro; así como no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe

–sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade.

c) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o desempeño das correspondentes funcións.

d) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autonomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Ser cidadán da Unión Europea

- Estar en posesión da titulación universitaria relacionada coa finalidade da acción formativa a desenvolver ou capacitación profesional equivalente na ocupación relacionada co curso, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

- Experiencia mínima de 2 anos na ocupación.

- Deberá ter formación metodolóxica e experiencia docente.

4ª RÉXIME XURÍDICO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL:

O Tribunal cualificador designase polo Alcalde-Presidente, e terá a seguinte composición:

Presidente: Un técnico do Concello, funcionario ou persoal laboral fixo.

Secretario: O da Corporación, ou o membro do persoal en que delegue. (Con voz e sin voto)

Vocais: Dous técnicos do Concello, funcionario ou persoal laboral fixo.

Todo os vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza.

Facúltase ó Tribunal para toma-los acordos que considere oportunos na interpretación destas bases e resolver cantos problemas xurdan ata a proposta de aspirantes seleccionados.

O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sin a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da lei 30/1992, notificándollo á autoridade combocante, ou cando realizarán tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada Lei.

5ª FUNCIONS A DESEMPEÑAR POLO CANDIDATO SELECCIONADO:

Imparti-las clases da acción formativa de: “Restauración e Conservación de Espazos Naturais e elementos Históricos Culturais”, durante o horario e datas se lle indiquen.

6ª PUBLICIDADE, INFORMACIÓN E BASES DA CONVOCATORIA:

A información das bases desta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do:

Ilmo. Concello de Pontedeume,

e no da Área de Formación, Emprego e Desenvolvemento (**FOREMDES**) do antedito Concello,

e no diario “La Voz de Galicia” .

7ª LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Pontedeume ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre e cando teña entrada no concello antes do día da resolución do Concurso de Méritos. As mesmas, deberán vir acompañadas **IMPRESINDIBLEMENTE** da seguinte documentación:

- Instancia de solicitude da praza, segundo o modelo ANEXO II na que se inclúe declaración xurada de que as fotocopias presentadas concorden fidelisimamente cós orixinais que estean en poder de aspirante.

- Fotocopias acreditativas da titulación académica en tamaño A4.

- Fotocopias acreditativas da experiencia profesional (soamente serán válidos as acreditacións mediante certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social, Contratos de Traballo e recibos de salarios e licenza fiscal, acompañada do último recibo e sempre e cando, poida xustificarse de xeito documental tanto a funcións realizadas como a categoría profesional), en tamaño A4.

- Fotocopias dos diplomas dos cursos realizados, en tamaño A4.

Tendo un prazo de 6 días naturais, dende o seguinte o da súa publicación .

8ª. PROCESO DE SELECCIÓN:

CONCURSO DE MÉRITOS

Realizarse ás 9 horas do día 6 de setembro de 2010

Puntuaranse os méritos dos aspirantes segundo a táboa que se adxunta como Anexo I. A puntuación máxima será de 8 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 4 para superar a proba.

Os puntos obtidos polos candidatos na fase A faranse públicos nos taboleiros de anuncios.

FASE DA OPOSICIÓN: Realizarase as 9,00 horas do día 7 de setembro de 2010.

Consistira na elaboración dun proxecto de traballos a realizar na restauración e conservación de espazos naturais e elementos históricos culturais deste municipio.

Para a realización deste proxecto, os candidatos disporan de unha hora e media.

A puntuación máxima nesta fase será de 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superar a proba.

9º. RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL E PUNTUACIÓNS FINAIS:

A decisión provisional do Tribunal se propondrá ó Sr. Alcalde e será dada a coñecer, mediante exposición pública nos taboleiros de anuncios do Concello de Pontedeume e do FOREMDES das puntuacións obtidas por tódolos aspirantes. Ao candidato seleccionado se lle comunicará oficialmente dispoñendo dun prazo de 24 horas para aceptala praza, no caso de producirse unha renuncia pasarase o suplente correspondente.

Deberá esperarse para a proclamación do candidato, co fin de obter o visto e prace da Delegación Provincial da Consellería de Traballo e Benestar de A Coruña, sendo este vinculante.

en Pontedeume, a 27 de agosto de 2010

Asdo.: Gabriel Torrente Piñeiro.
Alcalde-Presidente

ANEXO I

A.1.- TITULACIÓN: Puntuación máxima 1,50 puntos.

1,00 Puntos Titulación Universitaria Media que habilite para a impartición do curso.

1,50 Puntos Titulación Universitaria Superior que habilite para a impartición do curso.

A.2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA: Puntuación máxima 2,5 puntos.

0,01 Puntos por cada cursiño relacionado co traballo a desempeñar cunha duración inferior a 20 horas.

0,05 Puntos por cada cursiño relacionado co traballo a desempeñar cunha duración igual ou superior a 20 horas, e inferior ou igual a 49 horas.

0,10 Puntos por cada cursiño relacionado co traballo a desempeñar cunha duración igual ou superior a 50 horas, e inferior ou igual a 99 horas.

0,15 Puntos por cada cursiño relacionado co traballo a desempeñar cunha duración igual ou superior a 100 horas, e inferior ou igual a 199 horas.

0,20 Puntos por cada cursiño relacionado co traballo a desempeñar cunha duración igual ou superior a 200 horas.

0,75 Puntos por curso de Postgrado realizado en Universidade Pública, e relacionado directamente coa titulación obxecto desta convocatoria.

1,50 Puntos por Máster realizado en Universidade Pública e relacionado directamente coa titulación obxecto desta convocatoria.

Capacitación lingüística: Puntuación máxima 0,50 puntos.

-Iniciación o galego ou equivalente, 0,25.-puntos.

-Perfeccionamento ou equivalente, 0,50.-puntos.

No caso de estar en posesión de ambos, puntuarase o de perfeccionamento.

Saude laboral.

Os cursos de prevención de riscos laborais, seguridade e hixiene, saude laboral, e similares, serán valorados como cursiños relacionados co traballo a desempeñar.

Capacitación pedagóxica

Os cursos referentes a metodoloxía didáctica, como o de "Formador de Formadores", ou "Estratexias e Métodos para a Formación na Empresa", ou de "Metodoloxía Didáctica", computaranse como cursiños relacionados co traballo a desempeñar.

A.3.-EXPERIENCIA PROFESIONAL: Puntuación máxima 4 puntos.

NO ÁMBITO DA FORMACIÓN:

1,00 Puntos por cada seis meses de experiencia laboral acreditada, sempre que fose adquirida no desempeño de funcións semellantes ás chamadas a desempeñar neste posto, no ámbito dos Centros Públicos de Formación Ocupacional, Escolas-Obradoiro, Talleres de Emprego, Programas Europeos, etc.

NO ÁMBITO LABORAL:

0,25 Puntos por cada seis meses de experiencia laboral acreditada, sempre que fose adquirida no ámbito laboral no desempeño de funcións semellantes ás chamadas a desempeñar neste posto.

ANEXO II

D./Dna. _____ con D.N.I.
_____ e enderezo na rúa _____ na
localidade de _____ provincia de _____ con número de teléfono
_____, maior de idade

EXPÓN:

Que está interesado en participar como candidato no proceso de selección, e cumpre os requisitos para optar a praza de mestre da acción formativa de

.....

.. que se está a impartir na Área de Formación, Emprego e Desenvolvemento
(FOREMDES) dese Concello.

Que declara baixo xuramento que as fotocopias que adxunto á presente concordan fidelísimamente cos orixinais que obran no meu poder e que me comprometo a presentar no caso de saír seleccionado.

Por todo isto SOLICITA:

que sexa admitida a trámite a miña solicitude para participar no antedito proceso de selección.

Pontedeume, de de 2010

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

DO

ILMO. CONCELLO DE PONTEDEUME